



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 3 DE ABRIL DO ANO 2014

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinteunha horas do día tres de abril do ano dous mil catorce, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar dos asuntos da órde do día incluído na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros D. José Juan Cores Chaves, D^a Candelaria Martínez Eiras, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D^a Mónica Brea Troncoso, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a María Isabel Varela Piñeiro, D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D. Ricardo Quintáns Cores, D. Victor M. Caamaño Rivas, D^a María Josefa Cacabelos Domínguez, D^a M^a Teresa Prado Cores, D^a Fátima Abal Roma e D^a Milagros Martínez Piñeiro. Non asiste, D. Eulogio Pomares Botana, D. Rodrigo Rey Vázquez e D. Manuel Giráldez Oubiña.

Actúa como Secretario, o Funcionario D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.


1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA

27.02.2014.- Aberta a sesión, pola Presidencia pregúntase ós señores concelleiros se teñen algunha obxección que formular á acta da sesión anterior, celebrada o pasado día 3 de abril, e non formulándose ningunha, a Corporación Municipal acorda prestarlle a súa aprobación.-

2º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2014.

Dase conta da proposta da Presidencia, aprobada por maioría na Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, en sesión celebrada o día 01.04.14, que é do seguinte tenor literal.= “PROPOSTA DA PRESIDENCIA.- Confeccionado o Orzamento Municipal para o exercicio 2.014, e estimando que se cumple no mesmo coas disposicións que regulan esta materia, atopándose nivelado, tanto en gastos como en ingresos, e coidando suficientemente dotadas as aplicacións orzamentarias para atender ás obrigas esixibles a esta Corporación, tanto para gastos de persoal (Capítulo I), como para gastos de funcionamento dos servizos (Capítulo II); as relativas ós gastos de intereses e amortizacións (Capítulos III e IX); as correspondentes a transferencias, tanto correntes como de capital (Capítulos IV e VII); e, por último as relativas ós investimentos en obras, adquisición de terreos, etc., (Capítulo VI), todo elo en canto ó Estado de Gastos; e, respecto ó Estado de Ingresos, tamén se consideran convenientemente consignados os conceptos dos capítulos do mesmo.= Ós Estados de Gastos e Ingresos engádense as Bases de Execución do Orzamento, documentos que constitúen o Orzamento básico, ó que se une a documentación complementaria á que fan referencia os artigos 12 e 18 do Real Decreto 500/90, do 20 de Abril, e, en definitiva, a esixida polo artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, ademais da relación de aplicacións de gastos, clasificadas por programas e economicamente, e a de conceptos de ingresos.= Por todo, elo esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa, que, ditaminando favorablemente este Orzamento, teña a ben formularlle, á súa vez, ó Pleno da Corporación proposta de adopción dos seguintes acordos:= 1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2014, que se eleva, tanto en gastos como en ingresos, á contía de oito millóns setecentos trinta e catro mil seiscentos sesenta e oito con trinta e tres céntimos (8.734.668,33 €), que se concreta nos seguintes resúmes por Capítulos:

Cap	Denominación	Importe €	INGRESOS		
			Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.650.293,34	1	Impostos directos	2.284.000,00
2	Gastos bens correntes e s.	3.720.135,00	2	Impostos indirectos	130.000,00
3	Gastos financeiros	15.992,50	3	Taxas e outros ingresos	1.980.802,00



4	Transferencias correntes	202.788,76	4	Transferencias correntes	3.580.654,72
6	Investimentos reais	424.505,61	5	Ingresos patrimoniais	128.700,00
7	Transferencias de capital	214.002,00	6	Alleamento inversionés reais	300.000,00
8	Activos financeiros	22.000,00	7	Transferencias de capital	308.509,61
9	Pasivos financeiros	484.951,12	8	Activos financeiros	22.000,00
			9	Pasivos financeiros	2,00
	TOTAL	8.734.668,33		TOTAL	8.734.668,33

2º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria organización e circunstancias do propio Concello.= 3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, prestarlle aprobación á Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambados, que se incorpora como anexo ó documento orzamentario.=

= 4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.= 5º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Consistorial e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170.2 do TRLRFL, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do Orzamento, resumido por Capítulos, conxuntamente coa Relación de Postos de Traballo aprobada, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece pola citada lexislación vixente.”

Seguidamente toma a palabra o Concelleiro do P.P., Sr. Cores Chaves para manifestar que o grupo de goberno trae para a súa aprobación un orzamento nivelado, estable, cun importe lixeiramente superior ao do ano pasado, e que toma como base a situación de gasto real do exercicio 2013, mantendo a maioría das cantidades consignadas anteriormente para cada partida, consolidando a tendencia dos últimos años de axustar o gasto corrente, igualando, ou incluso incrementando, as partidas destinadas a fines sociais, culturales e deportivos.= A modo de resumen dí que que algúns dos aspectos máis destacados do orzamento resumense en que nos Capítulos de GASTOS non se incrementan as retribucións do persoal, e sí por cuarto ano consecutivo a partida de Axuda no Fogar (pasando de 175.000€ a 195.000€); consignanse transferencias de capital directas a entidades deportivas, culturais e benéficas por un importe superior aos 145.000€ (nos mesmos niveis que o ano pasado); a partida de inversionés conta con casi 100.000€ para a Escalinata de Santo Tomé; segundo o protocolo asinado dótase unha partida de 59.000€ para remodelación da praza de abastos e lonxa vella; mantense a partida de transferencias para obras particulares a través do ARI por un importe de 150.000€; e a de reparación, conservación e mantemento de vías públicas por 150.000€, por citar só algunas delas.= No Capítulo de INGRESOS en xeral mantéñense a maioría das partidas ao terse axustado ao que realmente se ingresou no 2013; incrementábase en 81.000€ a partida de transferencias correntes (Capítulo IV) básicamente polo aumento das transferencias da Deputación; baixan as previsións de ingresos polo imposto de vehículos, ICIO e tasas do Capítulo III, ao axustarse aos ingresos reais do pasado exercicio; suben os correspondentes á aplicación do Real Decreto-Lei 20/2011 sobre o IBI e incrementábase a previsión do IAE en función do recaudado en 2013; tamén segue baixando a débeda, situada ao inicio deste exercicio en 2.921.152€, o que representa un 34,7% de nivel de endebedamento, e as obrigas pendentes de pago, todas elas referidas ao presente exercicio polo que pode decirse que o presupuesto está saneado.= No relativo ao remanente de tesorería, por cuarto ano consecutivo volve a ser positivo cun superávit de 395.346€, superior incluso ao do ano pasado.= Remata dicindo que o resultado do exercicio 2013 foi de beneficio neto, por séptimo ano consecutivo, cun resultado de 166.400€, e por todo elo pide o voto favorable para este orzamento por considerar que cumpre coa legalidade, limita o gasto corrente, rebaixa a débeda municipal e ao mesmo tempo amplía ou mantén todas as



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)


partidas adicadas a fins sociais, educación, cultura, deportes e turismo, sen menoscabo dos servizos que xa se viñan prestando normalmente.

Intervén a continuación a Portavoz do P.S.deG-PSOE, Sra. Abal Roma para manifestar que o seu grupo aboga por uns orzamentos participativos, nos que os veciños e veciñas de Cambados poidan decidir a que se destinan os fondos e cales van ser as prioridades de inversión do municipio, e unha vez máis os presentados non contan cos veciños, nin coas opinións e suxerencias feitas polo resto dos grupos políticos, pois, por exemplo, destínanse 25.000€ máis á Festa do Albariño, da Vieira, etc.., cando se supón que algunhas das actuacións musicais dos festexos van a estar subvencionadas polo programa "Música con Denominación de Orixe", mentres a partida de becas quedase estancada en 7.000€.= Di tamén que é certo que outras partidas prioritarias como a do Servizo de Axuda no Fogar, o Fondo de Emerxencia social ou as aportacións as entidades asistenciais se ven aumentadas, pero coidan que é o mínimo que se pode facer tendo en conta a situación de crise actual.= Que tamén é impensable que 18.000€ se destinen a promoción do turismo, e apenas 4.000€ a mantemento de parques, xardíns, fontes e lavadoiros, o que explicaría o mal estado que presentan moitos deles, preguntándose para qué queremos promocionar o turismo se despois o estado das cousas que se van a atopar estes turistas é vergonzoso.= Fai referencia a rúas en estado lamentable, á falla de beirarrúas en moitas zonas que as necesitan, á situación do parque de Torrado, dos colexios, etc., cada vez más deteriorados, e mínimas axudas ós estudiantes, a servizos sociais, etc., mentres que o Concello gasta cantidades esperpénticas en promocionar o turismo, publicidade para festexos, comidas varias, etc., polo que outro ano máis, este é un orzamento de festas, e se ben non teñen nada en contra da celebración de festexos, pensan que sobre todo en anos de austeridade, o gasto neste tipo de acontecementos ten que ser acorde cos cartos que hai, e destinarse principalmente para cousas básicas e de primeira necesidade.= Que outro ano máis os gastos de persoal volven a levar a maior parte do presuposto (3,6 millóns de euros do total, o que supón un 42%), e eso sen ter cubertas a totalidade de prazas de funcionarios, nas que está persoal interino, polo que cando un veciño ou veciña de Cambados paga o seu IBI, un vado ou calquer imposto ou taxa municipal, non está contribuindo para ter un bonito centro de día para os maiores, nin axudando a rehabilitar a praza de abastos ou as maravilloosas escalinatas de San Tomé, pois para iso están as subvencións, senón que está contribuíndo para pagar soldos, salarios, gratificacións, productividades, horas extra, e demáis conceptos do persoal do concello, moitos deles de xeito irregular e contravindo a lexislación vixente ó respecto, tal e como se desprende dos informes de intervención, ó incumprirse os límites do RD861/1986, en relación ás gratificacións, complemento específico, e productividade, pois o informe de intervención indica a necesidade de que sexa o Pleno quen fixe os criterios obxetivos para a distribución de cantidades consignadas por este concepto, existindo persoal que percibe complementos de productividade moi similares e de percepción periódica, cando isto é contrario á normativa vixente, e por tanto, ilegal.= Di tamén que unha cousa moi parecida ocorre coas gratificacións, pois no exercicio anterior superouse con amplitude o límite de 80 horas extraordinarias, e non se respetou tampoco a indicación da Lei 30/1984 de 2 de agosto de que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, polo que perden o seu carácter excepcional de necesidade do servizo, sendo por tanto ilegais.= Que hai contratos do persoal laboral indefinido, en fraude de lei, polo que debería dotarse esas prazas orzamentariamente para a súa cobertura polo procedemento ordinario de acceso; e, no caso das limpiadoras, tamén é precisa unha regularización xa que aparecen na RPT e no cadro de retribucións a xornada completa cando en realidade traballan a media xornada.= Que igualmente existe discrepancia no posto da técnica museística ó aparecer como grupo A2, nivel 22, cando as súas retribucións son dun grupo C,



nivel 18.= Que, un ano máis, seguen manténdose irregularidades en prazas de funcionarios e persoal fixo ó aparecer previstas na RPT e dotadas orzamentariamente, ao continuar ocupadas interinamente cando o proceso selectivo se iniciou no ano 2006.= Que é certo que o Orzamento está nivelado pero tamén que, tendo en conta o informe de Intervención, contén deficiencias, anomalías, ou erros, que en ocasións rozan a discriminación ou incluso a ilegalidade.= Que as transferencias correntes do capítulo IV (3.580.654,72€) realizáronse tendo en conta as subvencións concedidas no 2013 cando o correcto sería consignar únicamente as subvencións efectivamente concedidas e os posibles incrementos nas previsións deberían realizarse cando se teña a certeza da súa efectividade.= En canto aos ingresos do concepto 559.00 sinala que existen empresas que adeudan máis dunha anualidade e que é o Concello o que ten que liquidar e ingresar á Axencia tributaria a cantidad que corresponde de IVE, e ainda que entenden a situación de crise que están a vivir moitas empresas, tamén hai outras ás que lles custa igualmente chegar a fin de mes e non por iso adeudan cartos durante tanto tempo ó Concello, polo que pensan debería chegarse a algúns acordos con elas e solucionar o problema; o mesmo ocorre con respecto á Piscina Municipal, que segue pendente de regularizar a súa situación.


Intervén seguidamente o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para manifestar que se lle presenta un orzamento moi semellante ao dos anos anteriores, e que rexeitan unha vez máis por razóns xa explicadas no seu momento, algunas das cales véñense obrigados a repetir.= Que, en calquera caso, consideran que este orzamento é a base económica para a supervivencia dun proxecto político carente de contido e que ten como único obxectivo realizar determinadas actuacións puntuais e chamativas cunha finalidade netamente electoralista.= Que o PP presenta un orzamento de 8.734.668 €, moi similar ao do 2013, e do que a maior parte (85%) vai para gastos de persoal (3.650.293 €) e gastos correntes (3.720.135€), capítulos definidos, dende hai anos, unilateralmente polos gobernos municipais do PP, e cos que o BNG leva tamén anos manifestando moitas discrepancias.= Que os gastos de persoal chegan case ao 42%, cando os criterios para unha boa administración apuntan que este capítulo non debe superar o 30%; ademais, co agravante de que na elaboración da RPT (Relación de Postos de Traballo) do Concello primaron criterios partidistas e non as necesidades de xestión do concello, cuestión denunciada polo BNG en moitas ocasións.= Que, ademais, se utiliza a RPT como “caixón desastre” para cubrir gastos que poidan xurdir no futuro, o que resulta un claro exemplo da falla de previsión que xustamente debe mostrar un documento económico desta natureza.= Tampouco están conformes coa política de contratación de persoal o non contemplar dende o seu punto de vista os principios de igualdade, mérito, transparencia, capacidade e publicidade, normas básicas a seguir no sector público.= Segue a dicir que do mesmo xeito, consideran que hai falla de previsión e, sobre todo, de realismo na partida de investimentos a realizar (424.505 €), pois dase por feito que se cobrarán os 300.000 € do “repetido” alleamento de parcelas do polígono industrial; e o mesmo ocorre no referente aos ingresos patrimoniais procedentes do aluguer da Nave Loxística, pois, segundo afirma a Intervención, empresas alí ubicadas adebedan unha anualidade completa. = Que tampouco apoian no seu momento as subas de taxas e impostos aplicadas nos últimos anos polo goberno municipal, por consideralas excesivas ao estar moitas delas por riba do IPC, e non ter en conta a excepcional e precaria situación económica pola que están a pasar as familias, e esos novos prezos de taxas e impostos son os que se aplican neste Orzamento nos tres primeiros Capítulos (I, II, III) referidos a Ingresos, polo tanto tampouco ten sentido que neste punto apoien o Orzamento presentado, xa que a suba de impostos ten unha clara finalidade orzamentaria, e parte das consecuencias desas subidas de impostos teñen un efecto económico negativo sobre as familias, de xeito que mostran síntomas moi claros das





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

dificultades polas que están a pasar, áinda que o Alcalde alardee dos continuos incrementos da partida de Axuda no Fogar (195.000 €, uns 20.000 € máis que o ano pasado), este aumento é un síntoma indicativo de que cada vez os veciños/as están máis abandoados pola Administración e non ao contrario (as políticas aplicadas polo PP crean más pobreza e desigualdades, deixando a parte da poboación no límite da exclusión social por falla de recursos económicos que despois tentan remediar con caridade cando deben entenderse como dereitos).= Que, ademais das razóns mencionadas, consideran que tampouco resultan aceptables as repetidas irregularidades sinaladas pola Intervención municipal: falla de criterios obxectivos para aplicar a productividade; falla de xustificación razonada en canto a aplicación das gratificacións; irregularidades na contratación de persoal laboral temporal (a proposta do B.N.G. son "listas de contratación públicas), Web do concello, etc., polo que esixen total transparencia nestes asuntos, en especial no que atinxe a que o concello non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal (como xa se fixo co posto de asesor xurídico e podería facerse con outros); no referido ás contratacóns temporais amparadas en subvencións que son fraudulentas cando se formalizan para atender tarefas normais e permanentes do concello; nas irregularidades referidas as limpadoras, á técnica museística, aos proxectos técnicos, direccións de obras ou as irregularidade das prazas fixas que aparecen dotadas orzamentariamente e ocupadas interinamente dende o proceso selectivo do ano 2006 que se atopa paralizado sen xustificación, segundo intervención, e por culpa do bipartito segundo o concello.= Di tamén que o B.N.G. quere resaltar algúns asuntos orzamentarios significativos, dos cales discrepan: - Bolsas de ensino (7.000 €), por non terse en conta ao alumnado de primaria, secundaria, e bacharelato, que precisan material escolar e libros de texto, nin ao alumnado de ciclos medios, cando necesitan tamén transporte igual ca os de ciclos superiores; o B.N.G. leva tres anos propoñéndoo e despois das manifestacións do Alcalde a favor desta proposta (pleno de agosto pasado), áinda están agardando a que convoque a Comisión Informativa de Ensino para tratar o tema, e consideran tamén que existe carencia de promoción das actuais bolsas pois nin a web do concello, nin as ANPAS, nin os equipos directivos dos centros teñen coñecemento de que existen bolsas de ensino en Cambados, e ainda que a nova lei da reforma da Administración Local non permite que este tipo de axudas aparezan como bolsas de ensino, solicita que se contemplen nunha partida de axudas sociais.= - Cobranza Oral, segue parecéndolle moito os 240.000€ que se pagan por este servizo (20.000€ menos que o pasado exercicio), pois entenden que debería prestarse directamente polo Concello ó existir unha praza de administrativo recadador vacante, cunha consignación de 23.954€.= - Taxas Portos de Galicia: 85.000€ o que supón 10.000 € máis que o exercicio pasado, e non entenden como cando Portos cobraba a metade desta cantidade co "bipartito", ao Alcalde lle parecía unha bestialidade e agora non fai nada por negociar co "governo amigo da Xunta" unha rebaixa e tampouco fai nada por reclamar uns novos límites do dominio marítimo-terrestre: A Calzada, A Alameda de San Tomé, como leva anos insistindo o B.N.G., para que Portos non cobre polo que realmente debería pertencer á Administración municipal.= - Sogama: 850.000€, o que supón unha subida duns 90.000€, case un 10% do orzamento, por considerar que o Concello e a comarca do Salnés deben apostar por outro modelo para a eliminación de residuos, máis económico e sostible co medio ambiente.= -Partidas de Festexos: xeral 275.000€., publicidade e propaganda 24.000€, arrendamento mobiliario 17.000€, onde todas elas experimentan subidas mais ou menos significativas, polo que pode extraerse a conclusión de que xa rematou a campaña de austeridade do PP, e como xa ven sucedendo en anteriores ocasións, os gastos totais xerados superarán, con creces, estas partidas.= Di tamén que para o B.N.G. hai moitas outras razóns para non apoiar os Orzamentos 2014, como é que as limpadoras aparecen no cadro de retribucións a xornada completa mentres que prestan servizos a



media xornada; que a Técnica museística aparece como grupo A2, nivel 22, pero as súas retribucións se corresponden coas do grupo C1, nivel 18, por ser esta ás da praza pola cal superou as probas selectivas; que no relativo aos proxectos técnicos e direccións de obras debe rematar a práctica habitual de incluír no presuposto de execución por contrata os correspondentes honorarios ao existir funcionarios no departamento de urbanismo, e non constar a razón pola que se procede a contratar un servizo externo, etc.= Por todo elo, e como xa anunciaron van votar en contra deste orzamento, por prevalecer discrepancias de tanta importancia.

Contéstaselles polo Sr. Alcalde que, como xa indicou o Portavoz do grupo de goberno, este orzamento é moi parecido ó de 2013.= Que é continuista e o ano pasado baixouse o nivel de endebedamento do 50% ao 34%, sendo estes datos son moi positivos polo que van a continuar coa mesma fórmula, baixando en gastos de persoal e correntes.= Di tamén que o Concello terá que asumir o novo custe de SOGAMA e que non se lle vai a repercutir aos vecinos; que se baixaron os gastos en telefonía móvil ó sacarse a concurso as telecomunicacións adxudicándose por uns 28.000€., e que a media de espera para o pago está nuns 50 días, polo que se ben non se chega ao establecido pola lei se está intentando mellorar, e os proveedores o saben.= Que, como xa comentaron, subironse partidas destinadas a Servizos Sociais, Cultura, axudas ao estudio, etc., pois efectivamente son, como xa dixerá no pasado, actuacións prioritarias, e ainda que estas últimas a raíz da modificación da Lei 7/85 non é posible outorgallos a universitarios (so a primaria e secundaria), destinanse vía emerxencia social outros 7.000€ a maiores, co fin de axudar aos máis desfavorecidos, o que suporía un total de 14.000€, sendo este Concello o que máis diñeiro destina dos da Comarca para este cometido.= Engade que no apartado de Servizos Sociais, increméntase a partida de Axuda no Fogar, a de adquisición de alimentos, a de colaboracións con Asociacións (por exemplo o convenio con BATA, que supón uns 6.000€/ano, que se renovará este exercicio, ou o de Esperanza Salnés que verá incrementado o total de aportacións con outros conceptos orzamentarios).= Con respecto á partida de festexos dí que se ben é certo que sube, tamén o é que en anos anteriores non chegaba, polo que nesta ocasión tentarase que coincida o gastado co presupuestado.= Segue a dicir que, tendo en conta a liquidación anterior, e o feito de que a débeda per capita deste Concello é porcentualmente a máis baixa da provincia de Pontevedra, o grupo de goberno séntese moi orgullo da boa saíde económica do Concello e deste orzamento, e lembra que o Ministerio convocou douis créditos ICO e Cambados non tivo necesidade de acudir a ningún deles; ademáis, o Concello conta cunha programación cultural única, que se leva a cabo ao longo do ano e moi sensibilizada coa xuventude, e aínda que tamén lles gustaría que o apartado de inversions fora superior, non debe esquecerse que van a comezar obras como a da remodelación da Praza de Abastos (3,6 mill./€), o Centro de Día (1mill./€), as comportas do Saco de Fefiñáns (0,5mill./€), o saneamento do Saco de Fefiñáns (1,1mill./€), ou a nave da Confraría (1mill./€), obras necesarias para mellor a calidade das augas, e colaborar cos sectores productivos.= Por alusións contesta aos comentarios sobre o estado das rúas, de Torrado ou dos colexios, indicando que Fefiñáns, por exemplo, foi obxecto de varios plans, renovándose toda a zona coñecida como Triana, en Torrado tamén se levaron a cabo diversas actuacións aínda hai que quedan cousas por facer, e en canto aos colexios se ben se fixeron importantes actuacións no Magariños e en Sto. Tomé, non hai día que polo menos un operario municipal non esté a facer tarefas nalgún deles.= En canto á débeda do Polígono, di que pouco a pouco as empresas estanxe a poñer ao día, e que de ser necesario estudiaranse outras opcións.= No relativo á productividade e gratificacións, a R.P.T. non debería tardar moito máis en rematarse, co que quedarán solucionado o primeiro dos temas pero, no tocante ao segundo, seguirán producíndose cando sexa necesario, toda vez que resulta máis operativo e incluso económico aboarlle horas ao persoal municipal que contratar con empresas ou xente allea a



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

realización de tarefas puntuais ou urxentes = Con respecto á subida de taxas e impostos lembra que Cambados está entre a media dos da Comarca e, en relación coas taxas de Portos de Galicia, recoñece que experimentou unha subida pero que tamén é certo que nos últimos anos por parte deste Ente estanse a realizar importantes investimentos neste Concello como o asfaltado da zona de Sto. Tomé, próximamente o arranxo da escalinata, etc., e seguen facéndose xestións co Presidente para o traslado da sede de Protección Civil para un local sen coste na zona de Tragove, mentres que na época do bipartito as taxas eran altas e non se recibía nada.= Remata manifestando novamente a súa convicción de que se trata duns orzamentos sensatos e coerentes.

Intervén novamente a Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma, para dicir que novamente fálase de que a subida de SOGAMA non se vai repercutir no recibo pero ao final sí sairá do peto dos veciños, co que habería que facer algo máis para resolver este asunto; que as gratificacións non se dan só na época estival que é cando máis traballo hai; e, no referente ás rúas en mal estado, non son só de Fefiñáns senón que tamén hai noutras zonas.

Pola súa parte o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas di que, con respecto ó tema de Portos o seu grupo opta pola recuperación dos límites do dominio público marítimo-terrestre como xa o teñen manifestado en múltiples ocasións; que tampouco entenden porque nesta ocasión se fala de que os gastos en festexos vanse adaptar á realidade e non se fixo con anterioridade, que hai que ter vontade para non superar certos límites, e que áinda así lles segue a parecer unha cantidade moi alta para este concepto tendo en conta a maiores a situación actual; que, cō tema de SOGAMA resulta extraño toda vez que semella un agasallo para este ano, pero non se sabe que pasará nos seguintes.= Pregunta tamén para cando a RPT, o PXOM (do que descoñecen en que situación está), ou a fixación duns criterios obxectivos con respecto á productividade a tratar polo Pleno, e se están a facer algo co tema do alleamento de parcelas no Polígono; pregunta asimesmo pola situación actual da piscina municipal, e pola convocatoria dunha mesa de traballo para falar das axudas a estudios; con respecto ás obras o seu grupo coida que a reordenación da praza de abastos era unha boa idea, áinda que lles parece esaxerado o gasto dada a situación actual na que debería primarse a modestia e a austeridade, en especial ante a posibilidade de que se vexa incrementado o presupuestos como ten acontecido con outras obras de similares características.


Contéstasélle polo Alcalde que o incremento de SOGAMA asumirao o Concello e se ben lóxicamente parte dos fondos municipais proceden dos veciños, non será o mesmo que repercutilo directamente nos recibos; que as gratificacións non se producen únicamente no Albariño, Carnavales, Nadal, .., pois son moitas as actividades que se desenvolven por parte do Concello ao longo do ano e nas que se precisa da axuda do persoal municipal; con respecto ó tema da Alameda de Sto. Tomé e A Calzada, non é tan doado como pode parecer, e áinda que se están a facer xestións, en principio pasaría antes a titularidade de Costas que a do Concello; a RPT, esperan que quede lista en breve; no PXOM continuan traballando; e estanse a facer xestións para o alleamento das parcelas co fin de non demorar máis a situación; e, no referente á piscina, están estudiando a posibilidade de cambiar a caldeira actual por biomasa co fin de reducir costes, e sacarase novamente a concurso a explotación.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (Sres. Cores Chaves, Martínez Eiras, Iglesias Pombo, Brea Troncoso, Gómez Blanco, Varela Piñeiro, Oubiña Santos, Quintáns Cores e Sr. Alcalde)

Votos en contra: cinco (Sres. Caamaño Rivas, Cacabelos Domínguez, Prado Cores, Abal Roma e Martínez Piñeiro)

Abstencións: ninguna



A Corporación Municipal, por maioría, acorda:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2014, que se eleva, tanto en gastos como en ingresos, á contía de oito millóns setecentos trinta e catro mil seiscentos sesenta e oito con trinta e tres céntimos (8.734.668,33 €), que se concreta nos seguintes resúmes por Capítulos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.650.293,34	1	Impostos directos	2.284.000,00
2	Gastos bens correntes e s.	3.720.135,00	2	Impostos indirectos	130.000,00
3	Gastos financeiros	15.992,50	3	Taxas e outros ingresos	1.980.802,00
4	Transferencias correntes	202.788,76	4	Transferencias correntes	3.580.654,72
6	Investimentos reais	424.505,61	5	Ingresos patrimoniais	128.700,00
7	Transferencias de capital	214.002,00	6	Alleamiento inversionés reais	300.000,00
8	Activos financeiros	22.000,00	7	Transferencias de capital	308.509,61
9	Pasivos financeiros	484.951,12	8	Activos financeiros	22.000,00
			9	Pasivos financeiros	2,00
	TOTAL	8.734.668,33		TOTAL	8.734.668,33

2º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria organización e circunstancias do propio Concello.


3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, prestarlle aprobación á Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambados, que se incorpora como anexo ó documento orzamentario.

4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figurán nos mesmos.

5º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Consistorial e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170.2 do TRLRFL, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do Orzamento, resumido por Capítulos, conxuntamente coa Relación de Postos de Traballo aprobada, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece pola citada lexislación vixente.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as vintedúas horas e quince minutos, extendéndose a presente acta que asina o Sr. Presidente, de todo o que, eu, Secretario, certifico.-

O ALCALDE,



O SECRETARIO

